

**ACTUACIÓNS DA SUBMEDIDA M10.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA  
AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2018**

**FEADER 2018-Medida 10.2.2**

**INFORME DE RESULTADOS**

**RRFF 2018 12/15/011/280318/007: “Recuperación da variedade tradicional de pemento de Arnoia”  
financiado coa submedida M10.22 de Conservación de recursos xenéticos na agricultura/cultivos-  
castes autóctonas.**

**Investigador responsable: Manuel Riveiro Leira**

**ANTECEDENTES**

---

O Pemento da Arnoia se inscribe no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas e de Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP), polo Regulamento (UE) Nº 444/2010 da Comisión do 21 de maio de 2010.

No prego de condición da IXP do Pemento da Arnoia se establece os caracteres mínimos a cumprir polo pementos comercializados. No punto 3.A do artigo 5º se establece que a lonxitude aproximada do froito que debe estar entre 7,5 e 11 cm.

Debido a que o pemento de Arnoia conviviu durante moito tempo con outras variedades de pemento nas hortas familiares, algunhas das características típicas desta variedade se viron modificadas debido a hibridación con outras variedades de pemento. Esta erosión xenética produciu unha redución da talla dos pementos como a perda da forma típica en cascos do ápice do froito.

A Indicación Xeográfica Protexida de “Pemento da Arnoia” está interesada en recuperar as características diferenciadoras deste pemento xa que actualmente so un 30% dos pementos producidos en Arnoia cumpren as especificacións establecidas, e son os que se poden comercializar a través da IXP.

**MATERIAL E MÉTODOS**

---

O plan de mellora para a recuperación das características do Pemento da Arnoia, se baseará nunha selección masal simple, por partirse da base de que os caracteres estaban fixados xa na poboación de forma maioritaria e o que se ten que eliminar son aqueles caracteres indesexables orixinados pola hibridación.

No ano 2014, se partiu de dez liñas co fin de facer un plan de mellora que mantivese a maior variabilidades posible:

- Tres poboacións recollidas en dous parroquia de Arnoia e unha de Cortegada nunha prospección fetia no ano 2001 polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) codificadas como Arnoia-25 (Paixión), Arnoia-35 (Laixa) e Arnoia-55 (Meréns).
- Tres poboacións facilitadas polo Concello de Arnoia no ano 2010 e conservada polo CIAM no seu Banco de Xermoplasma codificadas como Ar-CON01, Ar-CON02 e Ar-CON03.
- Tres liñas seleccionadas pola Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño codificadas como Ar-145-15, Ar-157-15 e Ar-P4-15
- Unha liña facilitada polo Consello Regulador codificada como Ar-IXP2013.

A plantación se fixo ao aire libre por ser o sistema produtivo propio da zona de Arnoia. As plantas foron illadas dos polinizadores por gaiolas feitos de malla mosquitera. Selección foi simple, se seleccionaron as plantas con maior produción de froitos co fenotipo obxectivo.

No ano 2018 se tomaron como base da selección das liñas máis homoxéneas obtidas no ano 2017.



**Imaxe 1:** Planta de Arnoia.

## OBXECTIVOS

---

- Recuperar os caracteres típicos do pemento de Arnoia utilizando material mellorado previamente.
- Conseguir unha liña suficientemente estable e homoxénea susceptible de ser rexistrada.
- Dispor de un material rexistrado susceptible de ser multiplicado para que os agricultores da IXP podan utilizar semente certificada.

## RESULTADOS

---

No ano 2018, se plantaron 42 parcelas con 3 plantas cada unha. O número de parcela por liña se ponderaron en función da produción de froitos ben conformados do ano 2017. Das liñas Ar157-15, Ar35-15 e P4-15 se plantaron 7 parcelas e da liña “Pool extra de 2017” se plantaron 21 parcelas.

No ano 2018, houbo plantas cun 20% de froitos calidade extra principalmente da liña “Pool extra de 2017”, froitos ben conformados e de 100 g de peso medio. A liña P4-15 destacou por ser a liña cunha maior produción de froitos extra e cun peso medio de froito de 151 g. A liña AR145-15 se caracteriza por unha por unha gran produción por planta (10.150 g). Y finalmente, a liña AR35-15 destaca pola súa alta porcentaxe de pementos extra (17%) e por un peso medio de froitos de 127,79 g.

O investigador,

Manuel Riveiro Leira